



.- Declaración responsable e xurada de seguir a exercer a actividade económica.

8º.- Persoas excluídas

Non poderán obter a condición de beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no n.º 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Ter pendente de pagamento algunha débeda coa Facenda Local do Concello da Veiga.

A xustificación por parte das persoas solicitantes de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria, contidas nos números 4 e 5 anteriores, realizarase mediante declaración responsable.

9º.- Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias desta subvención estarán obrigadas a:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención durante o prazo mínimo dun ano.

b) No suposto de darse de baixa con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello da Veiga, no prazo dun mes, dende a tramitación da baixa na Seguridade Social.

c) Contar con todos os permisos e autorizacións necesarios para o exercicio da actividade económica.

d) Estar ao corrente coas obrigas tributarias coas facendas estatais, autonómicas e locais, así como coa Seguridade Social.

e) Declarar ante a Facenda pública os ingresos percibidos en concepto de subvención, de ser o caso.

f) Notificar ao Concello da Veiga outras axudas e subvencións que resulten incompatibles por acadar o 100% da cota para pagar a Seguridade Social.

g) Continuar co empadramento e coa residencia efectiva no termo municipal da Veiga, durante o período que perciba as axudas. Esta obriga será comprobada de oficio.

10.- Incompatibilidades e concorrência

Esta subvención será compatible con calquera outra establecida nos distintos programas de promoción do emprego das administracións públicas ou organismos privados.

Excepto cando o obxecto da subvención sexa o pagamento da cota á Seguridade Social e esta acade o 100% da cota para pagar á Seguridade Social.

En ningún caso a concorrência con outras axudas ou subvencións para o pagamento da cota á Seguridade Social poderá ser superior ao 100%. Neste caso, o importe da subvención municipal poderá ser substituída pola porcentaxe do 50% máis alá do duodécimo mes, ata completar o importe inicial ao que tiña dereito o perceptor.

11º. Consentimentos, autorizacións e datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas, o Concello da Veiga poderá publicar a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesarios dos datos das persoas beneficiarias.

Darase cumprimento ao disposto na Lei de Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal respecto dos datos persoais recollidos na tramitación desta subvención.

12.º.- Réxime xurídico

As axudas reguladas nestas bases rexeranse ademais polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo disposto no Decreto 11/2009, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

13º. Entrada en vigor

Estas bases expóñense ao público durante o prazo de oito días hábiles, contados dende o día seguinte ao da súa inserción do BOP, co fin de que os interesados poidan formular as reclamacións, observacións ou alegacións que estimen pertinentes.

Estas bases entrarán en vigor transcorrido o prazo de oito días hábiles, contados dende o día da súa inserción no BOP, sen que se teñen presentado reclamacións contra elas".

A Veiga, 11 de maio de 2016.

O alcalde. Asdo.: Juan Anta Rodríguez.

R. 1.501

Verea

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria con data 20 de maio de 2016, aprobou as bases para a contratación, con carácter de laboral temporal, de 1 chofer de tractor rozadora e outra maquinaria similar e 4 peóns, que constituirán unha brigada para a realización/ prestación de obras/servizo "Actuacións múltiples".

1.- Chofer tractor rozadora.

1.1.- Número de prazas: 1.

1.2.- Natureza do contrato: laboral temporal a xornada completa, para servizo determinado.

1.3.- Duración do contrato: 4 meses.

1.4.- Sistema de selección: concurso-oposición.

2.- Peóns que constituirán unha brigada para a realización/prestación de obras/servizo "Actuacións Múltiples".

2.1.- Número de prazas: 4.

2.2.- Natureza do contrato: laboral temporal a xornada completa, para obra/servizo determinado.

2.3.- Duración do contrato: 3 meses.

2.4.- Sistema de selección: concurso.

O prazo e lugar de presentación de solicitudes e documentación, para todas as prazas, será de 5 días naturais, contados a partir do seguinte á recepción da comunicación que efectúe o

concello ao aspirante, segundo a preselección feita pola Oficina de Emprego de Celanova.

As solicitudes e documentación presentaranse no Rexistro Xeral do concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes e documentación, que se presenten a través da oficina de Correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas. A documentación que se incluíra será a mesma que se se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do concello.

Non obstante, de non presentaren a solicitude e documentación no Rexistro Xeral do concello, os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitirán un fax ao concello n.º 988 430 842, avisando da presentación da solicitude e documentación, por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias e documentación, fose sábado ou día inhábil, o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte.

O texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello, e na páxina web do Concello de Verea "www.concellodeverea.com". Así mesmo, o modelo de solicitude (anexo I) e a declaración responsable (anexo II) poderá obterse na mesma páxina web.

Contra as bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación deste anuncio, ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Verea, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio. Se se optase por interpor un recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo até que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso é sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Verea, 23 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Juan Antonio Martínez González.

Anuncio

La Junta de Gobierno Local, en la sesión extraordinaria de fecha 20 de mayo de 2016, aprobó las bases para la contratación, con carácter de laboral temporal, de 1 chofer de tractor desbrozadora y 4 peones, que constituirán la brigada para la realización/prestación de obras/servicio "Actuaciones múltiples".

1.- Chofer tractor desbrozadora.

1.1.- Número de plazas: 1.

1.2.- Naturaleza del contrato: laboral temporal a jornada completa, para servicio determinado.

1.3.- Duración del contrato: 4 meses.

1.4.- Sistema de selección: concurso-oposición.

2.- Peones que constituirán una brigada para la realización/prestación de obras/servicio "Actuaciones múltiples".

2.1.- Número de plazas: 4.

2.2.- Naturaleza del contrato: laboral temporal a jornada completa, para obras/servicio determinado.

2.3.- Duración del contrato: 3 meses.

2.4.- Sistema de selección: concurso.

El plazo y lugar de presentación de solicitudes y documentación, para todas las plazas, será de 5 días naturales, contados a partir del siguiente al de la recepción de la comunicación que efectúe el ayuntamiento al aspirante, según la preselección hecha por la Oficina de Empleo de Celanova.

Las solicitudes y documentación se presentarán en el Registro General del ayuntamiento, en horario de 9:00 a 14:00 horas, o por las otras formas previstas en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, Reguladora del Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Las solicitudes y documentación, que se presenten a través de Correos, deberán entregarse en sobre abierto, para ser selladas y fechadas antes de ser certificadas. La documentación que incluíra será la misma que si se presentase la solicitud en el Registro General del ayuntamiento.

No obstante, de no presentarse la solicitud y documentación en el Registro General del ayuntamiento, los/as interesados/as dentro del plazo de presentación, remitirán un fax al ayuntamiento, n.º 988 430 842, avisando de la presentación de la solicitud y documentación, por algún de los otros medios previstos en el artículo 38 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Si el día en que finalice el plazo de presentación de instancias y documentación, fuese sábado o día inhábil, el plazo finalizará el primer día hábil siguiente.

El texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento, y en la página web del Ayuntamiento de Verea www.concellodeverea.com. Asimismo, el modelo de solicitud (anexo I) y la declaración responsable (anexo II) podrá obtenerse en la misma página web.

Contra las bases que ponen fin a la vía administrativa, se puede interponer, alternativamente, un recurso de reposición potestativo, en el plazo de 1 mes contado desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, ante la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Verea, de conformidad con los artículos 116 y 117 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, o un recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio. Si se optase por interponer un recurso de reposición potestativo, no podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se produjese su desestimación por silencio. Todo eso es sin perjuicio de que se pueda ejercitar cualquier otro recurso que se estime pertinente.

Verea, 23 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Juan Antonio Martínez González.

R. 1.609

Verea

Edicto

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria con data 20 de maio de 2016, aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo do orzamento de 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva na